

Resolución da Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, pola que se fan públicas as listas definitivas de persoal admitido e excluído do procedemento selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso nas prazas de persoal laboral referenciadas no anexo do Decreto 79/2022, de 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria das prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado 1.4.2. das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante resolución do 28 de decembro de 2023 (e modificadas mediante resolución do día 6 de febreiro de 2023), e unha vez rematado o prazo o día 20 de abril de 2023, ben para emendar os defectos relacionados no listado provisorio que motivaban a exclusión, ben para presentar xustificante de coñecemento da lingua galega requirido, á vista das xustificacións presentadas en tempo e forma que obran no expediente, a Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia,

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer pública, no anexo I desta resolución, a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas, con especificación da exención ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no anexo II desta resolución, a relación definitiva de persoas aspirantes excluídas, con indicación da causa específica da súa exclusión.

Terceiro.- Publicar no Diario Oficial de Galicia o anuncio de exposición do listado provisorio, así como no portal web corporativo www.cidadedacultura.org o contido desta resolución e os anexos.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos requiridos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deban presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

**Na Cidade da Cultura de Galicia, na data da sinatura dixital
A directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Ana Isabel Vázquez Reboredo**

